



Xurxo Souto: “Na Coruña somos un dos lugares con maior número de galegofalantes”

Ubaldo Cerqueiro 21 de Outubro de 2024

<https://xornaldacoruna.gal/2024/10/21/xurxo-souto-na-coruna-somos-un-dos-lugares-con-maior-numero-de-galegofalantes/>

O último [informe do IGE](#) vén de certificar o envorco lingüístico que sofre o país, sendo o [castelán a lingua máis usada en Galicia por primeira vez na historia](#).

A Coruña é unha das cidades nas que a presenza do galego é cada vez máis residual. Apenas un 4,52% (só por debaixo de Vigo, cun 3,91), utiliza sempre o galego; o 11% usa máis galego que castelán, mentres que un 60% usa sempre o castelán (só superado por un punto por Ferrol) e un 25% emprega máis o castelán que o galego.

Queremos ver cales son as causas, a realidade de diferentes sectores, e os camiños que podemos tomar para reaccionar, para o que intentaremos falar con xentes de diferentes sectores.

Hoxe comezamos unha serie de entrevistas con [Xurxo Souto](#). O eterno divulgados da nosa cultura dende a radio, dende os libros, dende a música, dende as redes... e agora como [mestre de latín e grego no IES Parga Ponda](#) de Carballo, quere darlle a volta ao informe, ofrecendo unha visión “rabuda” do mesmo: **“Na Coruña 37.000 persoas falan (falamos) galego de xeito habitual. Ou sexa, somos un dos lugares con maior número de galegofalantes. Como poden dicirnos que somos un “grupo residual”?!”**

Con todo, non deixa de criticar os esforzos da Xunta de Galicia por abafar a nosa lingua.

– Primeiramente, que che parece o informe do IGE que dá conta do envorco lingüístico que ten acontecido nos últimos 10 anos en Galicia e que sitúa ao castelán como a lingua máis usada en Galicia? Fuches notando ese cambio na última década?

*O informe non achega nada que non soubésemos ou que non puidésemos intuír: **a constante campaña que existe dende grandes medios de comunicación e dende a propia administración para que o galego non acade a condición de lingua normal na vida pública.***

É significativo que este dato fose un gran titular en medios que, dende sempre, se significaron pola falta de apoio á lingua galega.

Eu vivo en galego, é a miña lingua habitual os 365 días do ano. Constantemente estou participando en actividades creativas (moitas veces con xente nova) nas que o galego é protagonista.

*Mais diante do entusiasmo desta parte da sociedade na que me movo, fun notando como **as políticas contra a lingua galega que promove a administración da Xunta do Partido Popular foron acadando os seus logros**. Primeiramente na radio e na televisión pública, que perderon a súa condición de referente da cultura galega (e en galego) emerxente. E, nomeadamente, no ensino, onde o galego mesmo foi excluído de determinadas materias, colocándoo nunha posición de lingua de segunda.*

– Cales son para ti as claves deste devir lingüístico na cidade?

Na cidade da Coruña, nas últimas décadas, non observo un avance, mais tampouco un declive, da lingua galega. Mesmo estes datos: un 11% da poboación que usa máis o galego que o castelán e o 4,52% que só utiliza o galego, teñen unha lectura positiva.

*Sumados representan **máis do 15% da poboación**. A cidade ten 247.000 habitantes, iso quere dicir que, na Coruña, unhas 37.000 persoas utilizan decote o galego. Un número realmente importante, dende logo non residual. Ou, o que é o mesmo, **somos unha das entidades de poboación con maior número de galego-falantes de toda Galiza**.*

Por que nunca se significa isto? Porque existe -como dixen antes- unha discreta pero constante campaña que tenta situar o galego nunha posición marxinal, dende os grandes medios de comunicación e dende a propia administración.

– A nivel persoal, que porcentaxe de conversas en galego tes habitualmente? Que porcentaxe de xente se dirixe a ti en galego?

Xa o dixen, o galego é a miña lingua de relación. Comunícome con todo o mundo en galego. E, precisamente por iso, a inmensa maioría das persoas que se dirixen a min utilizan tamén a lingua galega.

– Como valoras a presenza do galego no teu barrio? Como é o día a día dos comercios, a hostalería, os súper... En que lingua se expresan?

*Vivo na Agra do Orzán. **O galego é a lingua habitual da poboación dunha certa idade**. Por que? Porque a maior parte dela veu das aldeas da contorna e na cidade seguiron utilizándoo. Non así entre a xente nova que ten o castelán como lingua de relación. O castelán é tamén a lingua habitual na hostalería e no comercio, mais cando tomas ti a iniciativa e utilizas o galego, o normal é que a persoa que che está atendendo pase inmediatamente a esta lingua.*

*No meu barrio hai unha grande cantidade de **poboación migrante**, chegada de moitos lugares diferentes. Non teñen ningún vencello familiar co galego, mais **a súa actitude para coa lingua, precisamente porque a senten como un elemento propio de aquí, é especialmente positiva**.*

– Tes algunha anécdota na túa familia que describa para ti o a situación lingüística da cidade?

*Non. **Aos 15 anos, cando cursaba segundo de BUP no instituto de Zalaeta, decidín falar sempre en galego**. E dende entón así o levo facendo toda a miña vida, con absoluta normalidade.*

– No teu sector (tanto no mundo do ensino na túa experiencia coruñesa, como no mundo da cultura), como valoras o uso do galego?

*No ensino o galego ten unha presenza residual. **Directamente non existe na educación infantil.** As nenas, os nenos son escolarizados en castelán. Pasarán varios cursos até que chegue o primeiro contacto coa lingua galega. E chega cargado de connotacións negativas. Pois irrompe, de súpeto, como unha materia máis que deben estudar e que será obxecto de duro exame.*

*Pese a este contexto -digámolo claramente- **hostil**, en materia cultural o galego na Coruña ten un papel de absoluta centralidade. Está presente en todas as facetas da cultura. Na música, por exemplo, algunhas das artistas máis significadas do país naceron e medraron nos barrios da cidade: Estou falando de Sés ou Mercedes Peón. Tamén aquí naceron proxectos musicais de tanto prestixio como Luar na Lubre.*

Unha soa entidade, a A.C. Alexandre Bóveda, mantén unha programación cultural tan potente e extensa (sempre e galego) que compite, de facto, coa propia programación da concellaría de cultura.

– Que melloras se poden implantar?

*Pódese mellorar en todo. **Simplemente cómpre deixar de considerar o galego como unha lingua de segunda. Mais esta é unha decisión política.***

– Unha das conclusións máis graves do informe é que un dos axentes máis castelanizadores é o ensino. Se un 38,42% da poboación no país educa aos seus fillos en galego, a realidade é que hai apenas un 7,04% de nenxs de entre 5 a 14, e un 12% entre 15 a 29 que utilicen a lingua galega. Ten aí a administración autonómica algunha responsabilidade?

*Definitivamente. **O triste “decreto do plurilingüismo”** que implantou Alberto Núñez Feijoo situou o galego no ensino nunha posición marxinal.*

Nos tempos do bravú dicíannos que o galego non valía para o rock&roll, agora dinnos que non serve para as matemáticas (co aval oficial da propia consellería de educación). Está prohibido dar esta materia nesta lingua. Pode haber maior campaña de desprestixio?

– O estudio sinala aínda máis grave a situación da escritura na nosa lingua. Un 82% das persoas de Galicia escribe habitualmente en castelán... Que se pode facer ante isto? Que papel temos os medios de comunicación en galego?

*A resposta é sinxela: **educación, educación e máis educación.** O galego ten que estar presente no ensino, non como unha anécdota, senón como unha lingua vehicular para quen así o quixer.*

*Sobre o papel dos medios de comunicación vivimos nun paradoxo, ou, mellor dito, vivimos unha situación de absoluta hipocrísia. **Os medios que reciben máis subvencións para a normalización do galego son precisamente os que menos o utilizan. Refírome en concreto a La Voz de Galicia,** periódico que leva anos recibindo ímprobos achegas económicas da Xunta para o apoio do galego, e no que esta lingua ten unha presenza absolutamente residual.*

O camiño ten que ser outro, promover medios en galego que acheguen a mellor información, precisamente porque se elabora dende aquí e está pensada especificamente para o público de Galiza.

Medios aos que acudan as audiencias non, dun xeito paternalista, porque están en galego, senón porque son os máis profesionais, o máis independentes e porque -xa o dixen- son referentes pola calidade da súa información.